



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

IES SANTA IRENE CURSO 2023-2024



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	1
Normativa aplicable	1
Contexto.....	2
1. PLAN ANUAL.....	3
1.1. Medidas para a súa consecución	4
2. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	5
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	6
4. DOCUMENTACIÓN DE RECOLLIDA DE DATOS (1ª PARTE)	6
4.1. Alumnado.....	6
4.2. Recursos humanos	7
4.3. Claustro	7
4.4. Consello escolar	8
4.5. Órganos e responsables de coordinación	8

INTRODUCCIÓN

A Programación Xeral Anual supón a concreción para este curso escolar dos diversos elementos que integran o noso Proxecto Educativo de Centro, así como o desenvolvemento e aplicación da normativa vixente.

Normativa aplicable

Normativa aplicable no desenvolvemento da programación xeral anual:

- R.O.C. Institutos de Educación Secundaria. Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES (Decreto 324/1996). Orde que regula a organización dos IES.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES.
- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as ordes do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e establece a súa organización e funcionamento.
- Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes a educación secundaria obrigatoria, así como os reais decretos 1834/2008, do 8 de novembro, e 860/2010, do 2 de xullo, afectados por estas modificacións. Entrada en vigor nos cursos 2011/12 e 2012/13.
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.
- Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a orde do 21 de decembro de 2007 sobre a avaliación na educación secundaria obrigatoria.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO.
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Real Decreto-Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que establece medidas que afectan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato
- Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, que regula as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, de acordo co disposto no mencionado Real Decreto-Lei 5/2016, do 9 de decembro.



- Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Contexto

O IES Santa Irene ten por obxectivo procurar, máis que nunca, unha escola segura e saúdable.

O curso 2019-2020 foi extremadamente anómalo xa que a partires do día 12 de marzo do ano 2020 as clases presenciais quedaron suspendidas e toda a comunidade educativa tivo que afrontar o resto do curso de forma telemática, sen ningún tipo de preparación previa nin planificación.

O curso 2020-2021 comezou cun elevado número de incertezas polo que a Consellería de Educación ditou unha serie de instrucións e protocolos de obrigado cumprimento para procurar, na medida do posible, a continuidade do ensino presencial e a maior e mellor atención ao alumnado. Durante ese curso o cumprimento da normativa sanitaria que esixiu unha distancia física entre postos escolares de 1,5 metros, motivou que os grupos de ESO tiveran que ser desdoblados, pasando de 3 a 4 liñas. O centro transformou as aulas de música e debuxo, así como a biblioteca, en aulas de grupo. Pero aínda así, os grupos de 2º de bacharelato tiveron que ser trasladados a horario de tarde, pois o centro non dispoñía de aulas suficientes para albergar aos 26 grupos de diúrno dese curso escolar. Foi preciso introducir cambios no horario do alumnado, pois ao haber clases pola tarde para 2º de bacharelato e para adultos, non era posible simultanear a xornada partida do luns. Así pois, todo o alumnado tivo, dous días por semana (luns e mércores os de mañá e martes e xoves os de tarde) 7 períodos lectivos.

O curso 2021-2022 o cumprimento da normativa sanitaria esixiu unha distancia física entre postos escolares de 1,2 metros polo que se puideron recuperar os grupos de antes da aparición da COVID-19, volvendo o curso 2º Bacharelato ao horario matinal.



O curso 2022-2023 comezou coa supresión da distancia mínima de separación entre o alumnado e foi o primeiro curso escolar con total normalidade despois da situación derivada da COVID-19. Comezouse a aplicación da LOMLOE nos cursos impares de ESO, ESA e Bacharelato.

No curso 2023-2024 o centro volve aos horarios habituais antes da situación derivada da COVID-19. Complétase neste curso a implantación da LOMLOE nos cursos pares de ESO, ESA e Bacharelato.

A presente Programación Xeral Anual ten carácter de documento aberto que debe ser revisado e actualizado de acordo co desenvolvemento do curso escolar.

1. PLAN ANUAL

No curso escolar 2023-2024 o centro propónse acadar e/ou consolidar os seguintes obxectivos xerais:

En relación co alumnado:

- a) Potenciar a educación en valores en todas as materias para formar persoas autónomas, críticas e participes nunha sociedade democrática e solidaria, respectuosa coa diversidade, atendendo especialmente a non discriminación por razón de xénero e, este ano máis que nunca, consciente da importancia da actuación individual no resultado da colectividade.
- b) Desenvolver nos alumnos e nas alumnas a necesidade de prepararse para a vida como persoas e cidadáns afastados de posición dogmáticas.
- c) Potenciar a convivencia escolar implicando activamente ao alumnado e ás súas familias, nun clima de respecto cara ás normas e ás persoas, e comprendendo a necesidade dunha regulamentación que facilite a organización e a convivencia.
- d) Potenciar a aprendizaxe do alumnado, desenvolvendo un ensino activo e integral no que se exercite a iniciativa, a responsabilidade e a creatividade.
- e) Potenciar as medidas de atención a diversidade como camiño cara a unha igualdade real de oportunidades entre o noso alumnado, que é a realidade existente neste centro escolar.
- f) Fomentar e estimular ao alumnado no respecto e coidado do centro e das súas instalacións, facéndolles conscientes do que significa o ben común.
- g) Crear hábitos de traballo persoal entre o alumnado.
- h) Potenciar a participación do alumnado na vida do centro, en ámbitos como a Xunta de Delegados, o Consello escolar, a páxina web ou as redes sociais.
- i) Buscar un bo clima nos tempos de lecer, adaptado ás circunstancias actuais, respectando as distancias de seguridade e asumindo a responsabilidade de todos e todas no ben común.

En relación co profesorado:

- j) Desenvolver entre o profesorado a conciencia de que o proxecto educativo que constitúe este centro é un proxecto común no que todos debemos implicarnos.

- k) Favorecer a participación de toda a comunidade educativa na vida do centro, potenciando o papel dos órganos colexiados e as canles de difusión da información, da participación e da decisión, asumindo os acordos democráticos acadados maioritariamente.
- l) Facer partícipe a toda a comunidade educativa do total rexeitamento ante condutas discriminatorias, de acoso escolar ou que non respecten o principio básico de igualdade entre homes e mulleres.
- m) Concienciar e apoiar a participación en actividades de formación relacionadas cos novos retos e instrumentos educativos (Aula virtual, TICs, biblioteca escolar, convivencia).
- n) Mellorar a coordinación entre os departamentos didácticos na posta en marcha de medidas conxuntas de mellora do rendemento escolar.
- o) Fomentar a responsabilidade individual, participación e implicación en todas as actividades desenvolvidas no centro educativo.

En relación coas familias:

- p) Mellorar a comunicación entre o centro e as familias.
- q) Concienciar ás familias do seu papel esencial na educación do alumnado.
- r) Fomentar unha maior participación das familias nas actividades desenvolvidas no centro.

En relación co persoal non docente:

- s) Incrementar a participación do persoal de administración e servizos. nas actividades non docentes organizadas polo IES.
- t) Mellorar as condicións e ambiente de traballo.

En relación cos centros adscritos:

- u) Manter contacto estreito co profesorado dos centros de primaria adscritos ao IES tendentes a analizar as carencias fundamentais que amosa o alumnado que chega ao IES.
- v) Colaborar cos centros adscritos no proceso de adaptación do alumnado no seu paso da educación primaria á secundaria.

Estes obxectivos son susceptibles de modificación, de acordo coa reflexión e análise periódica que permita levar a cabo o Proxecto Educativo para dar resposta as necesidades do alumnado e do centro.

1.1. Medidas para a súa consecución

Co fin de acadar os obxectivos antes mencionados requírese:

En relación co alumnado:

- a) Establecer agrupamentos en primeiro, segundo e terceiro curso de ESO para que o alumnado poida desenvolver e participar dunha maneira máis activa no seu proceso educativo.
- b) Traballar, xunto co Departamento de Orientación, en programas que permitan ao alumnado coñecer mellor o entorno no que está, así coma os riscos e vantaxes de pertencer a el.



- c) Programar actividades que permitan ao alumnado desenvolver a súa responsabilidade e a participación na sociedade na que está, tanto dentro como fora do centro.
- d) A actuación coordinada e conxunta de todo o profesorado para concienciar e estimular ao alumnado na necesidade da posta en marcha de hábitos de estudo diarios, efectivos e constantes, así como a constatación da necesidade do esforzo persoal para acadar os obxectivos educativos previstos.
- e) Posta en marcha de actividades orientadas á mellora do medio ambiente a desenvolver no interior do centro a recollida selectiva de residuos, consumo responsable e os hábitos de reciclaxe.

En relación co profesorado:

- f) Participar, a través de varios grupos de traballo, no Plan Permanente de Formación do Profesorado.
- g) Estimular á participación en diferentes programas e convocatorias promovidos pola Consellería de Educación (Plan proxecta, Contratos programa, Bibliotecas escolares, Polos creativos, entre outros)
- h) Fomentar a participación do centro na titorización do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, para o que autorízase ao alumnado correspondente a estar presente e participar nas actividades do centro.
- i) Programar reunións cos titores dos distintos cursos.

En relación coas familias:

- j) Manter un estreito contacto cos pais, titores e dirección desde principio do curso e proporcionar información frecuente ás familias (aplicación abalar móbil, correo electrónico, chamadas telefónicas, reunións presenciais).

En relación co persoal non docente:

- k) Manter reunións co persoal de administración e servizos para aumentar a súa colaboración e implicación nas actividades non docentes desenvolvidas (festivais, concursos, festividade...).)
- l) Mellorar as instalacións e lugar de traballo do persoal non docente.

En relación cos centros adscritos:

- m) Manter contacto permanente cos colexios adscritos ao IES (CEIP Canicouva e CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro) para coñecer máis a fondo as características e informacións necesarias do novo alumnado para poder potenciar e tratar a cada un dun xeito particular.

Estas medidas son susceptibles de modificación, de acordo coa reflexión e análise periódica que permita levar a cabo o Proxecto Educativo para dar resposta as necesidades do alumnado e do centro.

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

No curso 2023-2024 o horario xeral do centro é o seguinte:

Diúrno:

De luns a venres de 08:30 h a 14:10 h, con seis períodos lectivos de 50 minutos e dous recreos de 20 minutos (10:10 h a 10:30 h e 12:10 h a 12:30 h). O luns pola tarde engádense outros dous períodos lectivos de 50 minutos dende as 16:10 ás 17:50 h.



Adultos:

O luns de 18:30 a 22:30 h, martes a xoves de 17:00 h a 22:30 h e venres de 17:00 h a 21:45 h con períodos lectivos de 45 minutos e un descanso de 15 minutos (20:00 h a 20:15 h).

Horario da biblioteca escolar:

A biblioteca escolar permanece disponible para o alumnado de luns a venres de 08:30 h a 14:10 h en horario de mañá e o luns de 16:10 h a 22:30 h, martes a xoves de 17:00 h a 22:30 h, e o venres de 17:00 h a 21:45 h, en horario de tarde.

Horario xeral do centro:

O centro permanece aberto de luns a xoves de 08:00 h a 22:30 h e o venres de 08:30 h a 21:45 h.

No que respecta ao horario de verán, o centro permanece aberto de luns a venres de 09:00 h a 14:00 h no mes de xullo e os luns de 10:00 h a 12:00 h no mes de agosto.

A elaboración dos horarios anteriormente indicados realízase atendendo a criterios pedagóxicos, organizativos e de dispoñibilidade de recursos humanos e materiais. No que atinxe a estes criterios destaca o seguinte:

- Procurar que as materias instrumentais básicas (matemáticas e linguas) se impartiran nas primeiras horas de cada xornada, por seren as que esixen máis atención e esforzo no alumnado (especialmente nos primeiros cursos da ESO). Por outro lado, a posta en marcha de diversas medidas de reforzo (agrupamentos, reforzos educativos, adaptacións individualizadas) obriga a coordinar as sesións lectivas de diversas materias.
- No que se refire á utilización do centro por parte da comunidade educativa fóra do horario lectivo para a realización actividades o centro consolídase como un punto de encontro para diversas organizacións e agrupacións culturais da contorna.

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O IES Santa Irene non conta con servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar no curso 2023-2024.

4. DOCUMENTACIÓN DE RECOLLIDA DE DATOS (1ª PARTE)

4.1. Alumnado

Con data 23 de outubro o alumnado que hai matriculado nos distintos niveis e quendas é o seguinte:

DIÚRNO				
CURSO	MATRÍCULA	CUPO	DIFERENZA	RATEO-GRUPO
1º ESO	92	90	+2	30,7
2º ESO	91	90	+1	30,3
3º ESO	92	90	+2	30,7
4º ESO	80	80	0	26,7



1º BACH	130	130	0	26
2º BACH	103	125	-22	20,6
TOTAL DIÚRNO	588	605	-17	26,7
<u>ADULTOS</u>				
CURSO	MATRÍCULA	CUPO	DIFERENZA	RATEO-GRUPO
ESA III	21	30	-9	21
ESA IV	23	30	-7	23
1º BACH	28	30	-2	28
2º BACH	83	90	-7	27,7
TOTAL ADULT.	155	180	-25	25,8
TOTAL	743	785	-42	25,3

4.2. Recursos humanos

Os recursos humanos cos que conta o IES Santa Irene na actualidade son:

- 63 docentes, integrados en 18 departamentos.
- 1 docente PROA+.
- 2 administrativas.
- 5 traballadores/as de persoal subalterno.
- 3 traballadores/as de persoal de servizos.

4.3. Claustro

O Claustro de profesorado é o órgano de participación de todos os profesores e profesoras que prestan servizos docentes no centro. Podemos consideralo como un órgano técnico-pedagóxico no que se planifica, coordina, decide, informa e avalían todas as actividades educativas que se realizan dentro do centro educativo.

O claustro será presidido polo director e estará integrado pola totalidade do profesorado que presta servizos no instituto.

O claustro reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o director ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Será preceptiva, ademais, unha sesión do claustro ao principio do curso e outra ao final do mesmo. A asistencia ás sesións do claustro é obrigatoria para todos os seus membros. (R.D 83/1996 de 26 de xaneiro e Decreto 324/1996, do 26 de xullo).

As súas competencias están recollidas no artigo 47 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de educación secundaria (DOG Nº 156, 9 de agosto de 1996). Segundo o mesmo, as competencias do claustro de profesoras/es son:

No presente curso, o Claustro de profesoras e profesores está composto por un total de 63 membros. A maiores, cóntase no presente curso con 1 profesora de apoio do programa PROA+.



4.4. Consello escolar

As súas competencias están recollidas no artigo 44 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de educación secundaria (DOG Nº 156, 9 de agosto de 1996).

A composición do Consello Escolar no curso 2023-2024 é a seguinte:

MEMBROS	CORREO
PROFESORADO	
Folgozo Novoa, Javier	javier.folgozo@edu.xunta.gal
Ferreiro García, Susana	fotografia@edu.xunta.gal
Iglesias López, María Montserrat	milopez@edu.xunta.gal
Ariza Serrano, Antonio Jesús	ajas@edu.xunta.gal
Bodega Pérez, Fátima	fbodega@edu.xunta.gal
Capelo Lago, María Isabel	capelo@edu.xunta.gal
Coto Rosende, María Isabel	mcoto@edu.xunta.gal
González Alonso, Carlos Javier	cjgonzalezalonso@edu.xunta.gal
Pérez Ferreiro, Herminia	minifu@edu.xunta.gal
CONCELLO	
González, Fernando	fernando.gonzalez@vigo.org
PAS	
Barril Rivas, María Ana	_____
FAMILIAS	
Collazo Trigo, Anxos	_____
Oliveira Martínez, Rosa María	_____
ALUMNADO	
Álvarez Figueroa, Alejandro	alejandro.alvarez.figueroa@iessantairene.es
Capas Bermejo, Sofía	sofia.capas.bermejo@iessantairene.es
Silva Otero, Diego	diego.silva.otero@iessantairene.es
SECRETARIO	
Rodríguez Toimil, Abilio	abilior@edu.xunta.gal

4.5. Órganos e responsables de coordinación

No IES Santa Irene existen os seguintes órganos ou responsables de coordinación:

- Comisión de coordinación pedagóxica (CCP)
- Departamentos didácticos
- Equipo de dinamización da biblioteca escolar



- Equipo de dinamización de novas tecnoloxías da información e a comunicación
- Coordinador/a e equipo da dinamización e a normalización da Lingua Galega
- Coordinador/a-responsable da convivencia escolar e o benestar emocional
- Coordinador/a de Plan dixital e Polos Creativos
- Coordinador/a de Plans de formación de profesorado
- Coordinador/a do club de ciencias
- Coordinador/a do Plan de igualdade

ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

A programación xeral anual articularase en varios documentos de acordo co disposto no artigo 104 do Regulamento orgánico.

Aprobación do Claustro: 21 de novembro de 2023

Aprobación do Consello Escolar: 21 de novembro de 2023
